

FRANQUISMO

O resultado da Guerra Civil (1936-39) foi a consolidación do réxime ditatorial que os sublevados contra a República comezaran a construír na "*España nacional*" dende outubro de 1936. Nos seus case 40 anos de existencia, o franquismo mantívose, con escasos cambios, como unha férrea ditadura militar, moi conservadora, baseada na represión feroz dos seus opositores e a eliminación dos dereitos e liberdades dos españois.

A vitoria dos militares sublevados na Guerra Civil significou a liquidación da experiencia democrática republicana e a instauración dun réxime ditatorial baseado nos chamados *ideais do 18 de xullo*:

- Un estado forte e centralizado que garantise a unidade de España e unha orde social e moral baseada na doutrina da igrexa e no ideario fascista da Falanxe (nacional-sindicalismo e corporativismo): familia tradicional (submisión da muller), catolicismo, propiedade privada, centralismo e orde.
- A concentración do poder en mans do xeneral Franco que reuniu na súa persoa a xefatura do Estado, do Goberno, das Forzas Armadas (*Xeneralísimo*), do partido único e o poder lexislativo. Empregou un poder absoluto e represor, suprimindo os dereitos e liberdades e exaltando a figura do líder ao estilofascista (o *caudillo*). Concentrou nas súas mans un poder ilimitado do que segundo el só respondería "*ante Deus e ante a Historia*".
- A defensa da proclamada verdadeira tradición española, asociada ao mitificado esplendor da España imperial dos séculos XVI e XVII, contra a influencia estranxeira do liberalismo, a masonería, o socialismo e o comunismo.

Basicamente tratouse dunha ditadura militar, moi conservadora e católica (*nacional-catolicismo*) que mantivo sempre un carácter represivo e, aínda que tivo oposición, gozou tamén dun notable apoio social. Aglutina elementos do pensamento católico conservador e tradicionalista e elementos tomados do fascismo italiano (símbolos, partido e sindicato únicos, carácter antidemocrático). Así e todo, existe un debate sobre a cualificación deste réxime como fascista, xa que pese as súas simpatías por esta ideoloxía non pretende crear un sistema totalitario de sometemento dos individuos ao Estado.

O exército, a igrexa e a Falanxe foron as columnas vertebrais do réxime, nos que Franco se apoiou para desenvolver o seu poder e controlar a sociedade.

- O exército será básico para o réxime como modelo da sociedade e detentador de privilexios e atribucións.
- A Igrexa identificouse co réxime de tal maneira que o sistema político e social resultante é denominado *nacionalcatolicismo*. España converteuse nun estado confesional católico no que se harmonizaban os intereses da Igrexa e do Estado franquista. As relacións entre ambos regularizáronse polo *Concordato de 1953* no que a Igrexa lexitimaba ao réxime, que lle concedeu o control da moral, das costumes e da educación. As organizacións laicas da Igrexa participaron nas tarefas do Estado, como se aprecia pola participación de membros da *Asociación Católica Nacional de Propagandistas (ACNP)*,

(vinculada á conferencia episcopal) e dos tecnócratas do *Opus Dei* nos gobernos de Franco. A Igrexa evolucionará nos anos 60, co Concilio Vaticano II (1962-1965), aparecendo unha corrente crítica e de oposición ó franquismo.

- Durante a guerra civil constituírase polo *Decreto de unificación* de 1937 a *Falanxe Española Tradicionalista e das XONS*, o partido único do réxime. A Falanxe serviulle a Franco para manter vivos os ideais de 1936 e controlar á opinión pública. Nos anos 50 a Falanxe perdeu influencia (pola derrota dos fascismos na 2ªGM) e o partido único pasou a denominarse *Movemento Nacional*, no que o franquismo renovou os seus principios cara o nacionalcatolicismo, a democracia orgánica e o intervencionismo social do estado.

Así, diversas familias políticas compartían o poder dentro do réxime: o exército, os falanxistas, os monárquicos, os católicos e os tecnócratas do Opus Dei.

O franquismo foi algo máis que o goberno persoal de Franco, foi tamén un sistema político-social que evolucionou para garantir a súa permanencia:

- Os dereitos individuais foron limitados: estableceuse o control das liberdades, e impulsouse un ríxido control social e ideolóxico a través da educación e a censura de prensa, cine e cultura.
- A educación buscaba inculcar á poboación os principios do réxime e a fascistización da sociedade.
- Tamén utilizáronse os medios de comunicación para exaltar a figura do caudillo e convencer aos españois dos logros e beneficios do réxime.
- Organizacións da Falanxe como a *Fronte de Xuventudes* e a *Sección Feminina* axudaban a adoutrinar a poboación nos valores tradicionais da familia, que defendían a subordinación da muller. A partir da década de 1960, co desenvolvemento económico, comezarán os cambios con respecto á muller, aínda que no plano legal seguiron sometidas a pais e maridos ata o final do franquismo.
- Os traballadores quedaron encadrados nun sindicato único baixo a xefatura da Falanxe. Este sindicato, chamado “vertical”, era unha organización na que estaban incluídos obrigatoriamente os obreiros e os patróns baixo a supervisión do Ministerio de Traballo. Prohibíase a folga e o despido libre. O “*Foro do Traballo*” (1938), promulgado durante a guerra, regulamentaba o mundo laboral recollendo aspectos sociais de mellora das condicións dos traballadores, con un sistema de seguros que será o xerme da futura creación da Seguridade Social.

A ditadura, para lexitimarse, foi construíndo un contexto constitucional a base dunhas *leis fundamentais* que responderon as necesidades políticas de cada momento. Estas leis fundamentais son o “*Foro do Traballo*” (1938, regulamentaba o mundo laboral, complementado pola *lei de Unión Sindical* de 1940), o “*Foro dos españois*” (1945, táboa de dereitos e deberes a modo de carta outorgada), a *Lei de principios do movemento* (1958, establecía os principios do réxime). A estas hai que engadir as leis que organizan unha *Cortes consultivas* (1942), o *Referendo* (1945,

para someter a consulta popular algunhas decisións) e a *Sucesión* (1947). Todas elas refundidas na *Lei Orgánica do Estado* (1967).

O franquismo rexeitaba a democracia liberal e os partidos políticos ós que consideraba corruptos. Sen embargo, a organización política que se estableza recibirá o nome de “*democracia orgánica*” (fronte á democracia parlamentaria) para resultar máis aceptable ante os países de occidente tras a segunda guerra mundial. A participación política canalizarase a través dos cabezas de familia e as diferentes corporacións públicas existentes (sindicatos, concellos). Estes serán os que elixiran ós membros (procuradores) dunhas Cortes consultivas (1942) que referendarán as leis propostas polos gobernos de Franco. Tamén existiu a posibilidade, segundo a vontade e conveniencia do ditador, de someter algunha lei fundamental a consulta popular mediante *referendo* entre os homes e mulleres maiores de 21 anos.

Aínda que na *Lei de Sucesión* de 1947 España quedaba definida como un reino, Franco era ratificado como xefe do Estado e non quixo deixar o poder a ningún monarca. Franco planeará a conservación do seu réxime mediante a súa sucesión en Xoán Carlos, fillo de D. Xoan de Borbón, a quen tratou de formar nos principios do réxime e mantivo baixo a súa tutela ata a súa morte.

Unicamente a morte do ditador, o 20 de novembro de 1975, abriría o camiño cara unha auténtica democracia.

O franquismo: as forzas de oposición ao Réxime.

Tras á Guerra Civil e a chegada de Franco ao poder, foron moitos os que se mostraron contrarios ao réxime, e dunha maneira ou outra, fixéronse ver durante esta longa etapa do franquismo. Por unha parte, os exiliados, obrigados a abandonaro país como consecuencia da súa derrota e co fin de escapar da represión. Por outra parte, tamén atopamos os *maquis*, guerrilleiros pertencentes a grupos ou partidos antifranquistas fuxidos ao monte dende onde emprenderon a loita, co fin de derrocar o sistema de acordo coa súa ideoloxía republicana. Un intento disto foi o caso da invasión anarquista de val de Arán, en 1944, que buscaba a intervención dos aliados contra a España franquista, fracasada estrepitosamente. Os guerrilleiros, comunistas e anarquistas principalmente realizaban sabotaxes e golpes de man e mantiveron enfrontamentos violentos coa garda civil, os falanxistas e o exército. Refuxiados nas áreas montañosas tiveron unha intensa actividade en Asturias, León, Sistema Ibérico, Andalucía e Galicia.

Nos anos 50 descendeu a actividade da guerrilla, pola represión e as consignas de abandono da loita armada, para concentrar a actividade na oposición política. Os partidos no exilio asumiron a imposibilidade de derrubar a Franco pola forza e crearon redes de actuación interna buscando infiltrarse en ámbitos universitarios, sindicais e laborais.

A partir dos anos 50 o movemento estudantil foi un dos ámbitos máis activos das protestas. Isto podía verse nas universidades a partir de 1956, onde as protestas buscaban principalmente conseguir un sindicato de estudantes que substituíse ao oficial (S.E.U.), controlado pola Falanxe. Ante estas protestas o Goberno sempre contestou cunha negativa, deixándoo claro mediante a suspensión das clases, apertura de expedientes, peche de universidades, etc.

Xa nos anos 60, ao tempo que se liberalizaba e melloraba a situación económica, intensificábase aínda máis a oposición, que reclamaba un réxime democrático. A pesar do estrito control algunhas folgas convertéronse na forma máis efectiva de protesta, mesturando obxectivos políticos e económicos (obter dereitos como a redución da xornada, mellora de salarios...). Para canalizar estas protestas xurdiron clandestinamente as chamadas Comisións Obreiras en 1962. Nelas colleu forza a influencia comunista e os seus líderes propuxeron a estratexia de infiltrarse na estrutura do sindicato vertical para chegar aos obreiros con facilidade. Os conflitos no tardaron en producirse en lugares como a conca mineira asturiana ou Cataluña, sendo os seus líderes fortemente reprimidos. A súa vez isto fixo que a afiliación sindical e a militancia clandestina contra o réxime aumentase.

Os partidos políticos organizáronse no exilio e no interior do país, onde actuaron clandestinamente. Podemos destacar o Partido Comunista de España (PCE), que mantivo unha forte oposición tanto a nivel externo como no interior na clandestinidade e, en menor medida, o PSOE. En 1962, durante o IV Congreso do Movemento Europeo reunido en Múnic, celebrouse unha reunión de destacados membros da oposición antifranquista, tanto do interior do país como do exilio, que reivindicaron un réxime democrático para España. A prensa do réxime denominará a esta reunión o *Contubernio de Múnic*, cualificando estas demandas como unha inxerencia nos asuntos internos de España. O goberno castigou con dureza aos

participantes do interior que foron encarcerados ou desterrados, con gran escándalo da prensa europea.

Incluso parte da Igrexa, comezou a mostrar a súa oposición ao réxime tras os cambios do Concilio Vaticano II. Os curas obreiros que foron traballar aos barrios pobres anunciaban unha nova mentalidade e incluso apareceu un documento asinado por 339 sacerdotes denunciando malos tratos e falta de liberdades.

No País Vasco, ás manifestacións político-laborais uniuse a actividade terrorista. En 1959 fundouse ETA, organización terrorista radicalizada do nacionalismo vasco, que cometerá o seu primeiro asasinato en 1968. As súas accións terroristas pasaron do País Vasco ao ámbito estatal, onde levou a cabo atentados sangrentos.

A resposta da ditadura ante a oposición oscilou entre a represión e certa apertura política. Nun intento de mellorar a imaxe de España de cara á opinión pública internacional suprimíronse os tribunais militares e creouse o Tribunal de Orde Pública (TOP) en 1963, encargado de xulgar delitos políticos e contrarios ao réxime. Sin embargo ante a aparición do terrorismo pasáronse á xurisdición militar estes delitos e fíxose habitual o estado de excepción. En 1970 o *Proceso de Burgos* ditará 9 penas de morte que suscitarán fortes protestas internacionais

A oposición antifrancista foi en aumento nos anos 70 en todos os sectores: a crise económica e a crecente debilidade política motivará protestas de obreiros e universitarios; aumentará a tensión de certos sectores da Igrexa coas autoridades, especialmente polo chamado *caso Añoveros*, debido á defensa do eusquera que fixo este bispo de Bilbao; no exército un grupo de oficiais xoves formará clandestinamente a UMD (*Unión Militar Democrática*); e tamén incrementárase a actividade terrorista (tanto da ETA – atentado contra Carrero Blanco - como de grupos vinculados ó extremismo de esquerdas) o que provocou un incremento paralelo da represión do réxime.

Ademais, ante o esgotamento do réxime, incrementárase a actividade dos partidos políticos no exilio. Estes partidos no exilio e as organizacións antifrancistas buscarán establecer un fronte común contra a ditadura: en torno ó partido comunista formábase a Xunta Democrática (1974) e logo, impulsada polo PSOE, formábase a Plataforma de Convergencia Democrática. Finalmente, da unión de ambas organizacións, xurdirá a chamada Plataxunta.

O franquismo: política económica

A economía española durante a época do franquismo pódese dividir en dúas etapas. A primeira etapa é a da autarquía, caracterizada por unha buscada autosuficiencia económica propia do ideario fascista e un obrigado illamento internacional, que comeza no momento en que os militares sublevados gañan a Guerra Civil. A segunda etapa parte do ano 1959 cando se aproba o Plan de Estabilización Nacional, España abre a súa economía ao exterior e comezan a chegar os investimentos estranxeiros atraídos pola man de obra abundante e barata.

O período de autarquía tiña como obxectivo lograr a autosuficiencia económica para non depender economicamente do exterior, impulsando a produción interior e dificultando as importacións mediante a imposición de elevados aranceis. Na agricultura descendeu a produción debido a escaseza de abonos e á baixa produtividade o que se traduciu en problemas no abastecemento de alimentos e nun aumento dos prezos. As capas sociais máis pobres sufriron a inflación e os baixos salarios e a miúdo tiveron que recorrer a unha economía de subsistencia e troco. O atraso económico favoreceu a aparición da fame e o aumento da miseria e pobreza extrema. Ante a escaseza de alimentos e o aumento dos seus prezos o goberno viuse obrigado a establecer un sistema de cartillas de racionamento e interveu a produción agrícola a través do Servizo Nacional do Trigo, que obrigaba aos agricultores a entregarlles a maior parte das colleitas a un prezo regulado. Oslabregos procuraban evadir estas obrigas por diversos medios (ocultando as colleitas) e as multas e requisas resultaron ineficaces. O desabastecemento propiciou o mercado negro, ou estraperlo, paralelo ao oficial no que se podían atopar abundantes produtos a prezos moi elevados. Esta práctica favoreceu a usura, o amiguismo e o enriquecemento do entorno do réxime.

Para lograr incrementar a produción agraria tomáronse medidas como a explotación de novas terras coa creación do Instituto Nacional de Colonización que, entre os anos 1945 e 1970, construíu máis de 300 novos núcleos de colonización. Na década de 1950 iniciáronse plans integrais co desenvolvemento de regadíos, a construción de vivendas e a extensión da rede eléctrica destacando o plan Badaxoz. Tamén en 1952 aprobouse a Lei de Concentración Parcelaria para evitar o minifundismo e facer máis rendibles estas explotacións. A pesar da propaganda oficial que se fixo destas medidas, estas tiveron resultados moi escasos.

No ámbito industrial seguiu-se unha política intervencionista coa creación do Instituto Nacional de Industria (INI) en 1941, para o control da produción dos sectores industriais básicos, cuxo maior inversor e promotor era o Estado. Aínda evitando o contacto económico co exterior, a dependencia tecnolóxica e enerxética do estranxeiro provocou que non se cumprisen os obxectivos marcados.

No transporte destacou a nacionalización da rede de ferrocarrís de vía ancha coa creación en 1941 da RENFE. As transaccións comerciais estaban fortemente intervidas polo Estado e o comercio exterior organizábase a través dun sistema de licencias e acordos bilaterais mentres que o comercio interior estaba regulamentado pola Comisaría de Abastecementos e Transportes desde 1939.

A partir dos anos cincuenta iniciouse unha moi limitada recuperación económica, que se produciu grazas a dous factores: o primeiro foron as boas colleitas dos primeiros

anos da década, que permitiron recuperar taxas de produción anteriores á guerra e ter excedentes agrícolas, e o segundo foi a importante cantidade de divisas, materias primas, fontes de enerxía e bens de equipo proporcionada polos acordos cos Estados Unidos. Ademais, a poboación española experimentou nos anos 50 un crecemento demográfico importante que permitiu dispoñer de man de obra abundante.

Sin embargo, a política de autarquía causara graves problemas económicos a fins dos anos 50: inflación incontrolada, forte déficit co exterior, escaseza de materias primas industriais e de fontes de enerxía, etc. Farase necesaria unha reforma económica. Así, en 1959 aprobouse o Plan de Estabilización, que foi un programa dereformas realizado por un equipo de ministros e de altos cargos técnicos (os chamados *tecnócratas*, a maioría vinculados ao *Opus Dei*) e contou co apoio do Fondo Monetario Internacional. O seu obxectivo era establecer un modelo baseado na liberdade económica máis acorde coa economía capitalista occidental. Esta economía baseábase na flexibilidade de prezos e salarios, determinados polo mercado e non polo Estado, unha política monetaria que obrigaba a establecer a paridade da peseta respecto das divisas internacionais e a liberalización dos intercambios comerciais. No sector público, o Goberno comprometíase axustar os gastos aos ingresos, reducir a inflación e mellorar o rendemento do sistema fiscal. O éxito máis destacable do Plan de Estabilización foi sentar as bases para iniciar o forte crecemento da década dos anos 60 e 70, así como o abandono definitivo do modelo autárquico.

Coa nova política de estabilización púxose en práctica unha planificación económica, dirixida por López Rodó. Entre 1964 e 1975 puxéronse en marcha tres Plans de Desenvolvemento cun marcado carácter industrial. Tratouse ademais de favorecer ás rexións menos industrializadas do país a través da creación dos Polos de Promoción e Desenvolvemento e outras iniciativas.

Entre 1960 e 1975 producírase un crecemento espectacular da riqueza e produción nacional. Esta época será coñecida como a época do *desenvolvementismo*. O crecemento económico español produciuse no contexto do crecemento xeneralizado da economía europea e mundial tras a segunda guerra mundial. Os tres piares básicos do crecemento da economía neste período foron o investimento de capitais estranxeiros en industrias que se instalan en España aproveitando un entorno favorable de baixos salarios, escasa conflitividade e facilidades estatais á inversión, as remesas enviadas polos emigrantes españois en Europa e os ingresos do turismo internacional que comeza a chegar masivamente a España en busca de sol e praia. O crecemento urbano e o turismo fomentarán tamén o auxe da construción. España converteuse nun país industrializado, abandonando a súa base agraria e mecanizando a agricultura.

Cabe destacar que durante este segundo período, aínda que se produciu un desenvolvemento económico en España, o mercado interior non foi capaz de absorber a man de obra excedente polo que nesta década se produciu un gran incremento da emigración tanto do rural ás cidades como cara ao exterior, especialmente aos países europeos. O crecemento económico non tivo en conta o impacto ambiental nin unha axeitada política urbanística polo que o desenvolvemento do turismo transformou dun xeito notable o litoral mediterráneo.

Todo este *desenvolvementismo* finaliza coa crise económica do 73, cando se produce a suba dos prezos do petróleo, que en España se traduce en inflación e conflictividade laboral, deixando un legado de difícil xestión para a etapa política da Transición.